



**D<sup>a</sup>. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 13 de febreiro de 2020**, adoptou o seguinte acordo:

**11.- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL DE DATA 30.01.2020 DE TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO A FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO. EXPTE. 2690/341.**

Visto o informe xurídico do 10/02/2020 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 7/02/2020, asinado polo xefe do Servizo de Museos, o xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 30 de xaneiro de 2019 acordou aprobar a proposta de *“Transferir á Fundación Liste, CIF: G36855310, un importe de 125.000,00 € (cento vinte e cinco mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2020 (...)”* que contiña o calendario e contías de pagamentos parciais.

O expediente conta con informe xurídico e da Intervención Xeral favorables, e con documento contable AD 9084, por importe de 125.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3330.489.00.00 *“Aportación á Fundación Liste e CAT”* a favor da citada Fundación.

Posteriormente á adopción e notificación do acordo á entidade beneficiaria detectouse un erro nas contías correspondentes aos catro pagamentos parciais da transferencia de financiamento en tanto que o sumatorio das achegas segundo o calendario de pagos excede do importe total da transferencia de financiamento consignada na partida orzamentaria, de xeito que o importe da cada unha das catro achegas, en lugar de 41.666,67 €, debe ser 31.250,00 €.

O artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas determina que as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

O órgano competente para a aprobación do acordo é a Xunta de Goberno local segundo o artigo 127.g) da LRBRL, polo que emítese a seguinte proposta:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“Rectificar o acordo da Xunta de Goberno, adoptado na súa sesión do 30 de xaneiro de 2020, no que se aprobou a proposta de “Transferir á Fundación Liste, CIF: G36855310, un importe de 125.000,00 € (cento vinte e cinco mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2020 (...)”, co obxecto de co-*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/02/2020 09:09	Páxina 1 de 2
Expediente 2690/341	CSV: 26EFE5-2A4DDD-4D59E8-M5K5KF-MQWG87-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

rixir o erro material detectado nas contías parciais que figuran no citado acordo, no sentido seguinte:

Onde dí:

- Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 41.666,67 € (33,33% do importe concedido).
- Unha segunda achega antes do 10 de abril de 2020, por importe de 41.666,67 € (33,33% do importe concedido).
- Unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2020, por importe de 41.666,66 € (33,33% do importe concedido).
- Unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2020, por importe de 41.666,66 € (33,33% do importe concedido)..."

Debe dicir:

- Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 31.250,00 € (25% do importe concedido).
- Unha segunda achega antes do 10 de abril de 2020, por importe de 31.250,00 € (25% do importe concedido).
- Unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2020, por importe de 31.250,00 € (25% do importe concedido).
- Unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2020, por importe de 31.250,00 € (25% do importe concedido)..."

No expediente consta o documento contable AD 9084, por importe de 125.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3330.489.00.00 "Aportación á Fundación Liste e CAT" a favor da citada Fundación.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 18/02/2020 09:09

Páxina 2 de 2

Expediente 2690/341

CSV: 26EFE5-2A4DDD-4D59E8-M5K5KF-MQWG87-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>